

Nada humano lle é alleo

Ensaio As fotografías, a música e a palabra son empregadas por Ouvirmos como zoom para achegarnos ao percorrido vital de Lois Pereiro, alento diferenciador da súa poética

Lois Pereiro.

Fotobiografía sonora ·

Lino Braxe, Xosé Manuel

Pereiro, Xurxo Souto ·

Ouvirmos, 2011 · Libro + 2 DCs

174 páx · 44 euros



De pequeno gustaba de xogar nos soares, “o máis apetecible, un no que se amoreaban milleiros de pneumáticos”, e nas obras que se ían erguendo neles. Andaba na bicicleta de catro rodas por camiños de terra. Imaxinaba a guerra con falsas escopetas na sala de estar da casa de Monforte. Construía cabanas no monte. Foi un scout no río Lor e ía bañarse á praia de Miño. Posaba diante da árbore de nadal –pero tamén subido nunha moto– no mesmo ano en que a Velvet Underground publicaba *White Light/White Heat*. De mozo e bebendo viño cos amigos cantaba rancheiras e Peret. Xa enfermo na Coruña bailaba agarrado *When a men loves a woman*. Nas fotos do 95 parecía vello.

Son só algunhas das instantáneas que inclúe a *Fotobiografía sonora de Lois Pereiro* (Ouvirmos, 2011). A empresa especializada en patrimonio musical reúne máis de cen imaxes comentadas, o audio dunha entrevista co poeta homenaxeado nas Letras Galegas e algúns dos seus textos musicados.

O prólogo do volume é de Manuel Rivas. O autor de *Ningún cisne* utiliza a Lawrence Ferlinghetti para falar de Lois Pereiro: “A poesía é a anarquía dos sentidos construíndo un sentido”. Sitúa a escrita do monfortino na Cuarta Persoa do Singular, “unha ponte entre o singular e o plural, sen deixar de ser singular”. Unha cuarta persoa que dende o texto de Rivas e durante todo o libro perde o apelido para converterse en “Lois”.

A primeira parada é o Incio. As fotografías ocúpanse primeiro da familia paterna e logo da materna. E aquí cómpre apuntar que a imaxe que abre a achega de Ouvirmos é a que se utiliza na capa de *Poemas para unha loia* (Espiral Maior, 1997). No Incio sabemos dos antecedentes do escritor guiadas polas palabras de Xosé Manuel Pereiro, autor do texto do volume. A nai, Inés Pereiro, era unha muller erguida que foi mestra dende os dezoito anos. O pai, Manuel Sánchez, licenciouse en dereito en Madrid e traballou na cristalería familiar en Monforte. Hai fotos da voda, e tamén deles de pequenos: Sánchez ri divertido no retrato cos avós paternos do poeta. Inés Pereiro e a súa irmá aparentan tristeza ou certa amoladura.

A segunda parada é Monforte, onde naceu Lois Pereiro un domingo de entroido, o 16 de febreiro de 1958. Nunha fotografía de cando tiña uns meses descubrimos que xa gastaba certa cara de rapaz. Posa contento no seu primeiro aniversario. Viste de mariñeiro, xunto co seu irmán, para facer a comunión. Abraza ou agarra a súa irmá máis pequena en moitas das imaxes. Xoga. Visita a horta do avó. Retrátano na escola.

A terceira é Madrid, que se abre co inverno e a neve na Casa de Campo e inclúe fotografías cos amigos nos pisos que habitou. Desá época hai tamén imaxes de Berlín –el xunto a Piedade Cabo ao pé do muro nunha imaxe de portada de disco–, da súa viaxe á Bretaña en autostop, ou unha instantánea de 1980 en París na que parece Nacho Vegas. Ese músico asturia-



Co tío Pepe en moto nunha rúa monfortina, ca. 1968 // Foto Vila / Arquivo familiar



Xunto ao muro de Berlín, 1983 // Arquivo familiar

no que ás veces a se achega á poética de Lois Pereiro: “¿Quién me habrá robado el sol /que hoy no siento su calor /y las ropas que cubrían mi piel / han tornado desnudez?”.

Finalmente a cuarta estación é A Coruña onde Lois destaca coa chaqueta de coiro no retrato que en 1984 fixeron os poetas do grupo De amor e desamor. É neste apartado onde encontramos as olladas sobre Lois Pereiro de profesionais coma Xurxo Lobato, Vari Caramés ou Xosé Abad. Este último tira a imaxe que o admirador de Peter Handke que bebía Fanta de laranxa tiña enmarcada no seu escritorio particular.

Non hai fotos del no hospital escoitando con cascos a Neil Young. Como tampouco hai fotos do 24 de maio de 1996, o día en que morreu no cuarto 627 do daquela hospital Juan Canalejo, o mesmo día en que se fixo pública a sentenza do caso da colza. Aínda que si das

súas avoas fitando o panteón en que está soterrado en Santa Cristina do Viso.

A CALMA TENSA

O apartado sonoro da Fotobiografía de Ouvirmos inclúe dous cedés. O primeiro, *A palabra*, asómanos á voz de Lois Pereiro nunha entrevista de Ana Romaní no *Diario Cultural* da Radio Galega meses antes da súa morte. Nela a xornalista preguntalle se se sente independente, distinto dentro do panorama poético galego. Contesta: “unhas certas vivencias un pouco distintas do que era un pouco máis normal en Galicia, de alguén que se dedicaba á poesía, non? Que é o que algunha vez eu teño dito de que o problema da literatura galega é que é unha literatura demasiado profesoral e iso impide que se entronque coa vida”.

O segundo cedé –*Músicas*– achega seis temas que son ao tempo lecturas diferentes

sobre a súa obra. Algunhas dos últimos anos coma “Postpunkdeirada” de Fanny e Alexander, as dúas achegas de Manu Clavijo e “Contra a morte o amor que vai comigo” de Alexandro González coa colaboración de Uxía. Pero son as máis veteranas, “Furia” de Nación Reixa e “Narcisismo” de Radio Océano onde máis encaixa o ritmo do autor de *Poesía última de amor e enfermidade*. Bótanse en falta no disco achegas actuais menos tenras e suaves coma a versión da propia “Narcisismo” que ofreceron O Leo i Arremecaghona e Marcos Payno nun tributo á banda de Xosé Manuel Pereiro en abril de 2010 na Sala Nasa de Compostela.

Os audios complementáanse no libro con textos que os analizan. A palabra repénsaa un dos asinantes de De amor e desamor, Lino Braxe, nun texto melancólico titulado “Perdido nas selvas de Indonesia” no que recoñece que na compañía de Lois se sentía “dentro dunha cápsula espacial”. Á música escríbele Xurxo Souto no texto máis interesante do volume, no que inclúe unha carta de Piedade Cabo ao membro dos Diplomáticos de Montealto da que extracto dous fragmentos. Un deles referido á chegada da *Atrocity Exhibition* e da *The Frozen Borderline*: “O primeiro disco de Joy Division, *Closer*, que houbo en Monforte era o del. E nesta onda encantábanlle os Cure e tamén os Smiths. Prefería a Velvet na que cantaba Nico, unha das súas iconas. Compramos os seus discos en solitario. Houbo meses en que o escoitabamos todo o día”.

O outro sobre o blues galego: “Eiqué van algúns hits: ‘Axeitame a polainiña’ de Santalices. Cantábaa moi ben o noso amigo Fernando Guecho e Luís seguía, cando ma cantaba a min. Chegabamos á conclusión de que era unha letra de blues total. Podería ser un vello escravo negro no Mississippi que quería ir á Festa da Colleita.” // **Xiana Arias Rego**